

**ASUNTO: PROGRAMA XOGADE 2014 / 2015
SEGURO DE ACCIDENTE DEPORTIVO DE 6 A 16 ANOS**

ASEGURADOS

Compón o colectivo a asegurar a totalidade dos deportistas participantes nos programas e actividades do programa XOGADE e que inclúen: a actividade escolar, as actividades puntuais (“Xogando co vento”, “Xogando co atletismo” e “Correndo por Galicia”) e a actividade federada desenvolada polos deportistas federados das federacións adheridas a este contrato de seguro nados entre o 1 de xaneiro de 1999 e o 31 de decembro de 2008 ambos incluídos.

Os responsables só se poderán dar de alta na aplicación de XOGADE a efectos de obter certificacións relacionadas coa participación no “Plan Proxecta” da Consellería de Educación, pero non a efectos de cobertura do seguro de accidente deportivo.

COBERTURA

1. A póliza cubrirá os accidentes que se produzan nas seguintes situacións:

- Durante a celebración de competicións ou actividades deportivas dentro do programa XOGADE realizadas nas instalacións ou espazos deportivos públicos e/ou privados, colexios e institutos públicos e/ou privados, instalacións de centros cívicos, espazos libres, parques e ruas ou ben nas instalacións das cidades onde por motivos de intercambios deportivos se realicen as competicións.
- Durante os adestramentos ou etapas de preparación deportiva, sempre que se realicen nas condicións de lugar que se expresan no parágrafo anterior e baixo a dirección de adestradores, preparadores ou persoal técnico cualificado.

Quedan excluídas da cobertura da póliza as lesións ocasionadas pola práctica deportiva durante o período de baixa por lesión, desde a primeira asistencia ata a alta médica.

2. Definición de accidente aos efectos da póliza do seguro:

- Enténdese por accidente toda lesión corporal sobrevenida ao asegurado independentemente da súa vontade e debida a unha causa súbita, fortuita, momentánea, externa e violenta. Aos efectos do seguro terá a consideración de accidente cuberto as consecuencias da práctica da actividade deportiva incluídas as lesións no traumáticas.

- Quedan expresamente excluídas do ámbito de cobertura desta póliza as lesións derivadas do crecemento, xenéticas ou dexenerativas.

PERIODO DE COBERTURA DO SEGURO

Actividade Federada: Toda a tempada.

Actividade Escolar (a excepción do “Campo a través”, “Xogando co Atletismo”, “Xogando co Vento” e “Correndo por Galicia”): O período de cobertura comenza o 1 de outubro e remata o 31 de maio.

Actividade de Campo a través: O período de cobertura comenza o 1 de outubro e remata o 31 de marzo.

Actividades Puntuais: As actividades realizadas dentro dos programas "Xogando co Vento", "Xogando co Atletismo" e "Correndo por Galicia" terán unha cobertura puntual que se restrinxen exclusivamente ao período de duración da actividade. O organizador da mesma comunicará con 72 horas de antelación á SXD os participantes nestas actividades e as datas exactas de cada xornada.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓNS

A atención en caso de lesión deberá xestionarse da seguinte maneira:

1. Cumplimentación dun “parte de comunicación de accidente” que facilitará a compañía adxudicataria e que será publicado na páxina web de XOGADE así como na web de todas as Federacións adheridas a esta póliza. Este parte de accidente no caso de lesión durante unha competición ou adestramento deberá ser certificado polos seguintes responsables:

a) Na ACTIVIDADE ESCOLAR deberá estar certificado, ademais de polo adestrador/responsable, e en función do tipo de entidade, polo responsable correspondente:

- Centro educativo: Director/Secretario do centro educativo.
- Club: Presidente/Secretario do club.
- Escola deportiva (Concellos): Técnico de deportes do concello.

•AMPAS ou outras asociacións deportivas: Presidente/Secretario da asociación.

b) Na ACTIVIDADE FEDERADA deberá estar certificado, ademáis de polo adestrador/responsable, polo responsable correspondente;

• Club: Presidente/Secretario do club

2. O lesionado debe acudir ao centro médico concertado proporcionando o parte de incidencia debidamente cumplimentado, excepto nos casos de asistencia urxente nos que poderá entregalo posteriormente.

3. En casos excepcionais de **Urxencia Vital** ou por ausencia de centros concertados nun radio de 60 Kms da localidade na que se produza o accidente, o lesionado poderá recibir a asistencia médica de urxencia no centro sanitario da Seguridade Social máis próximo.

4. En todos os casos o deportista deberá acreditar a súa condición de pertencencia a un dos colectivos asegurados polo contrato obxeto desta licitación.

5. **(NOVO)** Cando o deportista sexa atendido nun centro do **Servizo Galego de Saúde**, deberá obrigatoriamente aportar a seguinte documentación:

Parte de accidente cumprimentando a seguinte información: datos do siniestro (lugar e data), Federación deportiva, tipo de competición ou actividade, nº de licenza deportiva o no seu defecto o xustificante de inscrición en Xogade, nº da póliza e entidade aseguradora.

DESPRAZAMENTOS AO EXTRANXEIRO

Os desprazamentos fora do territorio español deberán ser comunicados previamente á compañía aseguradora, polos medios que esta dispoña a tal efecto, indicando a orixe e destino do desprazamento, a duración do mesmo e a actividade deportiva na que se vai a participar.